

Valentina Formoso Gosende, con DNI, en condición de Coordinadora Xeral da Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística e con domicilio a efectos de notificación en

EXPÓN que:

A) Os Equipos de Dinamización da Lingua Galega (EDL) dos centros de ensino de Galicia non cobraron a cantidade asignada nas axudas correspondentes aos segundo e terceiro trimestre do curso 2010-2011.

B) A convocatoria de axudas para proxectos de fomento do uso do galego para este curso 2011-2012 saíu demasiado tarde, vains quedar pouco máis dun mes para realizar as accións deseñadas posto que en xuño, e ás veces desde mediados de maio, xa non se poden realizar actividades nos centros. É difícil que se poida desenvolver a programación empregando o diñeiro outorgado de maneira correcta.

Por este motivo SOLICITA:

1) Que se **faga efectivo o pagamento das axudas correspondentes ao curso 2010-2011**, xustificadas antes do pasado 30 de xuño. Cando o novo secretario xeral chegou ao cargo tramitou os expedientes e asegurou que o diñeiro das devanditas subvencións chegaría aos centros durante o mes de febreiro pero, unha vez rematado este mes, seguimos sen cobrar.

2) Un **adiamento da data límite para a xustificación dos gastos dos ENDL neste curso 2011-2012** mediante unha emenda á orde do DOG que permita ampliar o prazo para xustificar as actividades ata, cando menos, o mes de novembro, en vez de que sexa ata o 30 de xuño, xa que a administración xoga con prazos de anos naturais e non de cursos académicos.

Non se entenda que esta é a situación ideal que pedimos, porque seguimos insistindo en que a convocatoria ten que ser co curso escolar (e sempre se deberían convocar as axudas o 1 de setembro), é só un remedio de urxencia dadas as circunstancias deste curso que nos obrigan a concentrar as actividades no último trimestre lectivo, o que supón un atranco xa que chocamos coa carga de traballo de profesorado e alumnado propia desas datas.

....., 1 de marzo de 2012